

TEMA 16. A I REPÚBLICA

DIFICULTADES DA MONARQUÍA DE AMADEO I

O 11 de febreiro de 1873, e tras un reinado cheo de **problemas** como:

- O asasinato de **Prim**, que era o principal valedor de **Amadeo**.
- A baixa popularidade do rei
- A continua inestabilidade política, con gobernos que non duraban
- A 3ª guerra carlista e a guerra de independencia en Cuba
- Ou a oposición dos republicanos, que tentaron facer imposible o reinado, o italiano **Amadeo de Saboya** renunciou ao trono e devolveu a Coroa ás Cortes. Ese mesmo día, Congreso e Senado, reunidos conxuntamente, ante a falta de alternativas (e a pesar de ser maioritariamente monárquicos), votaron proclamar a **Primeira República Española**, nomeando presidente a **Estanislao Figueras**, do **Partido Republicano**... que renunciou tras 4 meses no cargo.

FALTA DUN MODELO CONSENSUADO DE REPÚBLICA ou división interna

Pero pronto xurdiron enfrontamentos entre os propios republicanos acerca de cómo organizar territorialmente o Estado, diferenciándose 3 vías ou opcións:

1. Unitarios: para os que a república debía ser unitaria, moi centralizada e sen diferenzas territoriais. (esta vía foi defendida por liberais doutrinarios).

2. Federalistas gradualistas: para os que debía organizarse como unha federación de Estados, sendo as Cortes quen debía repartir o poder entre os Estados que integrasen esa federación. (esta vía foi defendida por liberais democráticos, como **Francisco Pi y Margall**).

3. Federalistas intransixentes ou Cantonalistas: que defendían tamén unha federación pero máis radical, feita “desde abaixo” coa unión voluntaria dos **Cantóns**, que serían cidades ou confederacións de cidades case independentes. (defendida polo movemento obreiro e peq. burguesía, e que foi precedente do anarquismo)

PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL

Para decidir qué modelo de República sería España, convocáronse eleccións (por suf.univ.masc.). A vitoria dos federalistas gradualistas fixo que se proclamase unha **República Federal**, con **Pi y Margall**, político do **Partido Republicano Federal**, como novo presidente, e que comezase a elaboración dun proxecto de Constitución federal (que non chegou a aprobarse) moi influída en gran parte pola Constitución dos EE.UU.

Neste proxecto de Constitución da Primeira República, destacaban os seguintes puntos:

- España era unha federación de 17 Estados (incluídos Cuba e Puerto Rico).
- Con soberanía nacional
- Con separación de poderes e un Presidente da República, elixido por sufraxio univ.masc.
- Cortes divididas en Congreso (elixido por suf.univ.masc.) e Senado (4 representates/Estado)
- Con autonomía aos municipios para elixir alcalde e concelleiros.
- E separación total Igrexa-Estado, así como abolición da escravitude nas colonias.

AXITACIÓN SOCIAL E MOVEMENTO CANTONAL

Pero enseguida estalaron unha serie de problemas, que caracterizaron todo o período:

1) As rebelións cantonais: os cantonalistas comezaron por libre a facer a súa República Cantonalista, e en varias cidades de **Levante** e **Andalucía** comezaron a proclamar cantóns independentes, aproveitando para facer unha revolución social: tomando o control das institucións e as fábricas, e incluso emitindo moeda propia, establecendo fronteiras, leis, policía... Destacou neste sentido o **Cantón de Cartagena**, o que máis meses resistiu o asedio do exército.

2) As folgas e revoltas obreiras: que foron en aumento, alimentadas pola influencia da AIT, especialmente en zonas con fábricas, como as que tiveron lugar en **Alcoy** (Alicante), onde había obreiros traballando e vivindo en penosas condicións, que chegan a asasinar o alcalde e tomar o control do concello (Revolución do petróleo), ata que a revolta foi sofocada cunha enorme represión por parte do goberno.

3) E as guerras: a 3ª guerra carlista (no norte sobre todo) e a guerra da independencia en Cuba. Precisamente debido á **rebelión do cantón de Cartagena**, o presidente **Pi y Margall** acabou dimitindo.

Os presidentes que o sucederon (1º **Nicolás Salmerón** e 2º **Emilio Castelar**), foron moito máis duros e represivos, gobernando a golpe de decreto e apoiándose na forza do exército. De feito, **Salmerón** acabou dimitindo, tras negarse a asinar 8 penas de morte contra os rebeldes. En canto a **Castelar** foi forzado a dimitir polo descontento coa súa forma autoritaria de gobernar. Cando, debido á súa dimisión, o Congreso estaba escollendo novo presidente, o xeneral **Pavía** deu un golpe de Estado entrando a tiros no Congreso e disolvéndoo.

A República durou un ano máis, pero co xeneral **Serrano** gobernándoa ditatorialmente; coas Cortes disoltas e sen Constitución, aquilo xa non era unha República Federal, senón unha República Unitaria, centralista e autoritaria, coñecida como “**Ditadura de Serrano**”.

En canto a **Galicia**, Ferrol foi a 1ª cidade de España en intentar proclamar a República en 1872, e tamén alí creouse un **Partido Republicano Federal de Galicia**, favorable á creación dun **Cantón Galaico**. Ante este caos, **Cánovas**, político monárquico e conservador, que estivera en **Unión Liberal**, aproveitou para preparar coidadosamente a Restauración dos Borbón no trono de España, redactando o **MANIFESTO DE SANDHURST***, un texto asinado por **Alfonso de Borbón** (fillo de Isabel II) no que este, cumpridos os 17, desde esta academia militar inglesa, ofrecíase a ocupar o trono de España, presentando a monarquía constitucional como a mellor solución ao caos dos últimos anos, tanto por tradición monárquica, como por ser o lexítimo hedeiro, como por ser liberal, católico e español.

Estas serán precisamente as características da Restauración: monárquica, borbónica, liberal e católica. **Cánovas** pretendía así lograr unha opinión favorable a restaurar pacificamente a monarquía nos **Borbón**, sen necesidade de pronunciamentos militares, nin revoltas; pero tan só dous días despois, o 29/12/1874, o xeneral **Martínez Campos** facía un pronunciamento en **Sagunto** (Valencia), proclamando rei de España a **Alfonso XII** e sen oposición algunha. Comezaba así a **Restauración borbónica** en España, na figura de **Alfonso XII**, con **Cánovas** como gran figura e director dese período.